

Por Resolución do 21 de marzo de 2022 convócase para a realización do primeiro exercicio (probos de lingua galega) ás persoas aspirantes admitidas, quenda de acceso libre, no proceso selectivo convocado pola Resolución do 15 de xullo de 2021 (Diario Oficial de Galicia do 29 de xullo) para cubrir cen prazas na escala auxiliar, subgrupo C2, da Universidade de Santiago de Compostela.

Con data 30 de marzo de 2022, publícase a relación de persoas aspirantes que están convocadas para realizar o primeiro exercicio (probos de lingua galega), na que figura dona Lorena Fernández Pérez. Detectado erro material ao incluír á citada aspirante nesta listaxe, resolvo:

De conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, excluír a dona Lorena Fernández Pérez, DNI ***3715** da dita relación por estar exenta de realizar o primeiro exercicio (probos de lingua galega), toda vez que ten acreditado ter presentado en tempo e forma, o certificado de coñecemento de lingua galega requirido na convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O reitor
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
19/04/2022 12:36:07.

CSV: 9F33-9F7D-4090-85B5